

## DECRETO DE ALCALDÍA

### **APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO”.**

#### ANTECEDENTES:

a) Acta de mesa de contratación do “**SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO**” de data 30 de novembro de 2011, que di:

“Na Casa do Concello, sendo as 14,15 horas do día 30 de novembro de 2011, réunese a Mesa de contratación do “**SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO**”, coa asistencia dos arriba indicados, co fin de dar lectura ao informe de valoración de data 30 de novembro de 2011 emitido pola Interventora municipal, en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación, que literalmente di:

#### **“SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL**

	MAPFRE		ZURICH	
	Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación
Oferta económica	8.400,00	3,8738	5.423,28	6,0000
Franquía	200,00	2,0000	300,00	1,5000
Suma asegurada	3.000.000,00	1,0000	2.000.000,00	0,6667
Sublímite vítima	350.000,00	1,0000	300.000,00	0,8571
		7,8738		9,0238

En Caldas de Reis, a 30 de novembro de 2011

A Interventora

Asdo.: Susana Varela Escaloni.”

Visto o informe de valoración da oferta emitido pola Interventora municipal, e tendo en conta a cláusula VIII do Prego regulador, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos seus membros, formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da empresa ZURICH, toda vez que a súa oferta é a que ten atribuída maior puntuación no citado informe de valoración.”

b) Decreto da Alcaldía de data 30 de novembro de 2011, polo que se resolve:

1º) Clasificar por orde decrecente as proposicións presentadas:

	MAPFRE		ZURICH	
	Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación
Oferta económica	8.400,00	3,8738	5.423,28	6,0000
Franquía	200,00	2,0000	300,00	1,5000
Suma asegurada	3.000.000,00	1,0000	2.000.000,00	0,6667

Sublímite vítima	350.000,00	1,0000	300.000,00	0,8571
		7,8738		9,0238

2º) Notificar e requerir a D. Victor Bouzas Vázquez, con NIF: 35.442.244-A, en representación da empresa ZURICH, con CIF: W-0072130H, candidato que ten presentado a oferta economicamente máis ventaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requerimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP.

c) Escrito nº 5253 de data 13.12.2011 formulado por D. Victoriano Bouzas Vázquez en representación da empresa ZURICH presentando a documentación requerida.

**En uso das atribucións outorgadas pola lexislación vixente, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,**

#### **RESOLVO:**

**1º) Adxudicar á empresa ZURICH, con CIF: W-0072130H, o contrato do “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO”, polo prezo de 5.423,28 euros, polo prazo de dous anos con entrada en vigor desde o día 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2014, ambos días incluídos, podendo prorrogarse a vixencia por mutuo acordo das partes antes da finalización da mesma, sen que a duración total do contrato – incluídas as posibles prórrogas expresas- poida exceder de catro anos, e incluíndo para o cumprimento do obxecto do contrato, as melloras ofertadas pola citada empresa.**

**2º) Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 929/22410 do Orzamento xeral do Concello.**

**3º) Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios**

**4º) Notificar e requerir a D. Victoriano Bouzas Vázquez, con NIF: 35.442.244-A, en representación da empresa ZURICH, con CIF: W-0072130H, adxudicatario do contrato o presente acordo, e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data de notificación da adxudicación.**

**5º) Publicar a adxudicación do contrato mediante anuncio no perfil do contratante.**

Caldas de Reis, 16 de decembro de 2011.

O Alcalde,

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey